## > Ruta 3
# Punta Segaño

Nesta terceira ruta circular de dez quilómetros que comeza e remata no Centro Instrutivo, Recreativo e Social de Cervás (CIRs), subiremos primeiramente a Montefaro, que con 266 metros é o punto máis alto do Concello de Ares, para a continuación baixar ata a Punta Segaño e volver ao punto de inicio por Chanteiro. Ao longo do percorrido, poderemos visitar o Mosteiro de Santa Catalina e explorar os restos das antigas construcións militares que defenderon no pasado o golfo Ártabro. Desfrutaremos das impresionantes vistas da ría de Ferrol e da de Ares, da cidade da Coruña e, en días de boa visibilidade, incluso da costa de Malpica coas Illas Sisargas. A praia de Chanteiro ou a Ermida da Mercé son outros dous puntos do patrimonio aresán a destacar neste percorrido.

Esta ruta de sendeirismo foi posta en marcha grazas ás axudas a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGenerationEU.

CONCELLO DE ARES

@concellodeares
Concello de Ares
@ConcellodeAres

www.concellodeares.gal

XUNTA DE GALICIA

UNIÓN EUROPEA
Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

sendares



Ruta 3
# Punta Segaño

CONCELLO DE ARES

OS POSTES SINALIZADORES DESTE ITINERARIO CONTAN CUN NÚMERO 3 EN MORADO

DISTANCIA > 10.340 metros
DIFICULTADE TÉCNICA > Moderada

DESNIVEL POSITIVO > 337 metros
DESNIVEL NEGATIVO > 337 metros




Dirección correcta

Dirección equivocada

Cambio dirección

Presenza de riscos varios

Perigo de caída distinto nivel

Perigo de tropezo

*Anímate a coñecer unha parte distinta de Ares a través do sendeirismo!*